CONCELLO DE A VEIGA

OBRADOIROS DE EMPREGO DE GALICIA

ANEXO I

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO – TRABALLADOR

OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "CONCELLOS RURAIS DE VALDEORRAS VIII"

Entidade Promotora: CONCELLO DA VEIGA (RUBIÁ E CARBALLEDA DE VALDEORRAS)
Subvencionado pola CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Primeira.- Tendo en conta o artigo 2 da Orde do 21 de abril de 2023 (DOG núm. 85 , do 4 de maio de 2023), as persoas candidatas preseleccionadas para un obradoiro dual de emprego deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter dezaoito ou máis anos de idade.
b) As persoas candidatas deben estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, en situación laboral non ocupadas e dispoñibles para o emprego.
c) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 6 da orde.
d) A formación que se vai impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2, polo que os candidatos deben cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.
e) No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

Segunda.- A selección farase mediante a aplicación do seguinte baremo:

1.- MULLERES:

- En xeral.....1 Punto

2.- IDADE

- 18-29 ANOS.....4 Puntos
- 30-44 ANOS.....1 Punto
- 45 ou mais ANOS.....3 Puntos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía > 33 %.....1 Punto

4.- PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego.....1 Punto
- Perceptores de subsidios (RAI, subsidio extraordinario).....2 Puntos
- Non perceptores .....4 Puntos

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Ata 12 meses.....1 Punto
- Máis de 12 meses ata 18 meses.....2 Puntos
- Máis de 18 meses.....4 Puntos

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR, SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos.....0 Puntos
- Grupos de cotización 1 ao 7.....0 Puntos
- Grupo de cotización 8.....1 Punto
- Grupo de cotización 9 .....2 Puntos
- Grupo de cotización 10 .....3 Puntos
- Sen emprego anterior.....4 Puntos

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social. A puntuación dos dous apartados non é acumulable)

- Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadroamento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido .....4 puntos

- Drogodependentes rehabilitados acreditados, ex-reclusos, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores inmigrantes residentes da comunidade, emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social .....3 Puntos

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Bachalerato/BUP/FP ciclo medio .....2 Puntos
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior.....1 Punto

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

(Acreditado mediante certificado/informe de convivencia).

- Unidade familiar de 4 ou máis membros.....1 Punto
- Familia monoparental con fillo/s .....1 Punto

10.- OUTROS

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) .....2 Puntos
- Adecuación ao Posto e posibilidades de inserción.....Ata 4 Puntos.

A distribución dos postos correspondentes a cada concello participante realizarase en función do acordo asinado polos alcaldes de cada concello.

A oficina de emprego de xestión da oferta citará ás persoas candidatas outorgándolle un prazo para presentar a documentación a valorar indicada nas presentes bases.

A presentación da documentación poderá facerse na sede electrónica de calquera dos concellos participantes no proxecto (A Veiga, Rubiá e Carballeda de Valdeorras), por correo electrónico ou presencialmente (no caso de facerse presencialmente deberá solicitarse cita previa no concello onde se pretenda remitir a documentación).

Os candidatos enviados pola oficina de emprego deberán acudir ao proceso de selección coa documentación indicada na carta da oficina de emprego e coa copia da documentación necesaria para a baremación (fotocopia DNI, certificado minusvalía, informe/certificado perceptor desemprego, vida laboral, informes, informe/certificado convivencia, informe IPI, titulacións, etc) e cubrirán un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade, que terá o valor de declaración responsable con presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos determinarase a súa exclusión do proceso de selección.

Os candidato/as non poderán cursar unha especialidade formativa que xa teñan superada.

Finalizado o prazo de presentación de documentación e baremadas as solicitudes publicaránse a lista provisional de admitidos, excluídos e puntuación acadada na baremación nos taboleiros dos concellos da Veiga, Rubiá e Carballeda de Valdeorras e na oficina de emprego que xestiona a oferta e na páxina web do concello promotor (A Veiga) dando un prazo de tres (3) días naturais para reclamacións, dende a data de publicación das puntuacións provisionais.

Para non demorar a resolución do proceso, os escritos de reclamación presentaranse no rexistro da entidade promotora e concellos asociados.

As incidencias e reclamacións que se puideran suscitar derivadas do proceso de selección serán resoltas por este órgano de selección, sen que proceda ulterior recurso administrativo (artigo 14.1 da Orde de convocatoria).

Serán propostos para participar no Obradoiro aquelas persoas que acaden maior puntuación como resultado do proceso de selección ata o número de prazas convocadas. O resto formarán a listaxe de reservas, que estará vixente ata a data de inicio do proxecto.

Os criterios de preferencia para resolver os posibles empates que resulten da aplicación do baremo son os seguintes:

- Non ter participado en escola obradoiro ou obradoiro de emprego ou tiveran participado un menor número de veces.
- No teñan experiencia laboral ou a que teñan sexa menor.
- Que a súa cualificación sexa de menor nivel.
- O maior tempo acreditado como desempregado
- Pertencer a un colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social.

Unha vez elaborada a listaxe de alumnos-traballadores propostos será remitida a oficina de emprego quen xestiona a oferta que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumprira ditos requisitos será substituído pola seguinte persoa candidata da lixtase de reserva.

CONCELLO DE A VEIGA

OBRADOIROS DE EMPREGO DE GALICIA

De conformidade co artigo 14 da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 as incidencia e reclamacións serán resoltas polo órgano de selección. As súas resolución poñen fin a vía administrativa, tendo tal carácter as listaxes definitivas.

A Veiga, 14 de novembro de 2023

María José López Cid	Ricardo Soto González	Mª Isabel Cotarelo Prada
Presidenta	Vogal	Vogal